

Camiñando cara un patio en igualdade

Resumo dos resultados do obradoiro no CEIP Eladia Mariño



Que fixemos?

- O proxecto busca apoiar a transformación do patio en chave coeducativa, partindo da sensibilización en materia de xénero.
- Para isto, traballamos con alumnado, familias e docentes na reflexión e recollida de ideas para o patio.
- Participan os grupos de 6º de infantil, 2º e 5º de primaria, e un grupo mixto de 13 persoas adultas, 7 docentes e 4 nais da ANPA e 2 representantes do Concello de Cabanas.



**Camiñando
cara un patio
en igualdade**

**SESIÓNS
TELEMÁTICAS**

Datas:
7, 14, 21 e 28
Outubro, 2021

Horario:
16:30-18:30

Inscripcións:
cristina@rexenerando.com

Organiza:
ANPA O Castiñeiro do CEIP
Eladía Mariño de Cabanas

Obradoiro participativo para transformar o patio do colexio nun espazo coeducativo dende a perspectiva de xénero. Dirixida a familias e docentes, esta actividade enmárcase dentro do programa da ANPA O Castiñeiro «Medrando en Igualdade».

Fases do traballo

1

Introdución aos patios
coeducativos

2

Diagnose e reflexión

3

Choiva de ideas para o patio

4

Plan de acción

**Só co grupo de adultas*

Plan de acción

O plan de acción acordado recolle:

- 7 obxectivos para o curto prazo (curso 21/22)
- 6 para o medio prazo (curso 22/23)
- 6 para o longo prazo (a partir de setembro do 23)

Cada liña de traballo ou obxectivo conta con varias accións asociadas.

A curto prazo

A curto prazo: curso 2021/2022

Obxectivo 1: Aumentar a presenza de elementos naturais

Accións:

- Construción dunha **casiña para paxaros** na entrada principal do colexio
- Plantar unha zona de **sotobosque** con plantas da contorna entre o patio cuberto e as escaleiras de baixada ao mesmo.
- Construción dun **hotel de insectos** que se colocará na entrada principal do centro.
- Na zona “xabre” colocación dun **invernadoiro e un xardín vertical**. Xa hai un invernadoiro no almacén do colexio que se pode reutilizar sempre que caiba nese espazo. Ademais de plantas ornamentais, cultivaranse produtos da horta, plantas aromáticas...
- Plantación de dúas **sobreiras** na zona do rocódromo. Escóllese esta árbore por tratarse dunha especie autóctona.
- **Eliminación dos rododendros** da entrada principal do centro debido á súa toxicidade.
- Plantación de **flores de cores** nas diferentes zonas verdes do centro: na entrada, no lateral do pavillón, no espazo verde xunto ao río (unha vez rematada a obra)

A curto prazo: curso 2021/2022

Obxectivo 2: Aumentar as zonas de relax e tranquilidade: coa finalidade de reequilibrar as zonas de xogo e usos das mesmas

Accións:

- Colocación dun punto de **intercambio de libros** no portalón de entrada ao centro: construírse unha urna con materiais respectuosos con acceso permanente para aquelas persoas que queiran intercambiar libros coas súas compañeiras e compañeiros.
- Creación dunha **zona de lectura** na entrada principal do centro bordeando o xardín: con palets ou listóns grandes de madeira, montar bancos que poidan permanecer á intemperie e dotalos de coxíns para crear nese punto que dá o sol unha zona de lectura. Os coxíns poderían recollerse e gardarse ao finalizar o recreo no hall do centro.
- Colocación dun **tipi** no patio do rocódromo para ter ese espazo de intimidade tan demandado polas crianzas.
- Creación dun espazo para os **xogos de mesa/recreativos e espazo de cine**. Esta proposta non estaba ubicada nun punto concreto, aínda que se barallaba a posibilidade do patio cuberto, por tratarse dunha actividade que se puidera ofertar nos días de choiva.
- Colocación de **casiñas** en diferentes espazos do patio.
- Construción dunha **caseta** con elementos para o xogo simbólico no oco das escaleiras: creación dunha casiña con elementos domésticos para fomentar o xogo simbólico e aproveitar o espazo para a intimidade.

A curto prazo: curso 2021/2022

Obxectivo 3: Facilitar zonas de movemento alternativo

Accións:

- Colocación dunha **mesa de ping-pong**: proposta non ubicada
- Colocación dunha **pista e rede de volley** para este deporte: a pista estaría pintada no pavillón e a rede podería ser de quita e pon para non limitar o espazo. Estaríamos deste xeito ofrecendo tamén ás crianzas deportes alternativos.
- Espazo de **xogos tradicionais**: este espazo estaría situado na zona cuberta e poderían incluso pintarse algúns deles no chan. Sería necesario dotar ao centro de materiais destas características: peóns, cordas, aros, chapas...
- **Zona de cordas**: ben para trepar ou para facer equilibrismos. A ubicación seleccionada sería o patio do rocódromo para aproveitar as árbores e así poder colgalas delas.
- **Ponte** entre as árbores: tamén estaría colocada nas árbores do patio do rocódromo para satisfacer a necesidade de trepar, colgarse...do alumnado.
- Creación dun **parque móbil de xoguete**: mercar ou construír diferentes modelos de transportes de rodas (coches, motos, camións...) orientados sobre todo ao alumnado de infantil que gusta moito de facer percorridos con este tipo de materiais.
- Pintado dun **circuíto** no chan: na zona do patio cuberto, poden pintarse diferentes formatos de circuitos que sexan útiles tanto para xogar con elementos como para empregalos co propio corpo, saltando, pata coxa.

A curto prazo: curso 2021/2022

Obxectivo 4: Embelecer o espazo

Accións:

- Solicitar á Consellaría de Educación un **letreiro** co nome do colexio
- Elaboración dun **mural a mans do alumnado** na rampla de acceso ao patio de infantil.
- Solicitude ao artista **Leandro Lamas** dun **mural que fomente a igualdade** para a entrada principal do centro.
- Colocación de **lousas** na rampla de acceso a infantil para fomentar a representación artística do alumnado. Actualmente o centro dispón de 8 lousas no almacén que poderían valorarse para esta acción.

A curto prazo: curso 2021/2022

Obxectivo 5: Aumentar as zonas de experimentación

Accións:

- Colocación dun **areeiro** na parte de abaixo do patio de infantil.
- Montaxe dun **observatorio con prismáticos** na esquina da rampla para poder observar as aves e demais animais que rodean o colexio.

A curto prazo: curso 2021/2022

Obxectivo 6: Solicitar a algún membro do profesorado que xogue cas crianzas durante os recreos.

Obxectivo 7: Solicitar ao concello un espazo de aparcadoiro para bicicletas e patinetes á entrada do centro.

A medio prazo

A medio prazo: curso 2022 / 2023

Obxectivo 1: Aumentar a zona de experimentación

Accións:

- Colocación de **murais sensoriais** na parede de baixada ao patio dos grupos de infantil: é habitual que as crianzas pasen tocando a parede e chegando a rascarse nas mans e nos dedos. pode aproveitarse este espazo para colocar propostas sonoras, de texturas variadas, cores diferentes.
- Colocación de **zona sensorial** eliminando a zona de caucho do patio de infantil. Pode colocarse terra, pedras, paus...para que o alumnado poda experimentar con diferentes elementos naturais.
- Colocación dunha **cataventos** e dunha **estación meteorolóxica** na entrada principal: esta estación permitirá traballar co alumnado máis pequeno as diferencias do tempo nas distintas estacións do ano e complementará os estudos de coñecemento do medio no alumnado maior.

A medio prazo: curso 2022 / 2023

Obxectivo 2: Diversificar as zonas de movemento

Accións:

- Dispor diferentes elementos para o **movemento vertical** tanto no propio pavillón (colchóns, piscina de bolas) como na zona de baixada ao mesmo (Escaleira para trepar, castelo e túnel de cores, barra para escalar)
- Colocación dun **túnel vexetal** na baixada ao pavillón.
- Incorporación de máis **tobogáns e randeiras** orientados a tódolos niveis educativos (non está decidida unha ubicación específica)

A medio prazo: curso 2022 / 2023

Obxectivo 3: Aumentar as zonas de relax e intimidade

Accións:

- Construción dunha **casa nunha das árbores** da zona traseira do pavillón que desenvolverá as funcións de espazo para a intimidade e tamén de espazo para o xogo simbólico.
- Colocación de **hamacas** entre as árbores na zona traseira do pavillón.
- Dispor **cadeiras e mesas de madeira con xogos pintados** na zona verde tralo pavillón. Poderían construírse con palets ou con bobinas de cable.
- Creación dun **espazo amplo para o xogo simbólico**: non se determinou a ubicación.

A medio prazo: curso 2022 / 2023

Obxectivo 4: Crear zonas para fomentar as actividades artísticas e a creatividade (estas propostas non contan cunha ubicación determinada)

Accións:

- **Habilitación dunha zona con espellos, disfraces, maquillaxe...**
- **Habilitación dunha zona para escoitar música, deseñar coreografías, representar teatriños...**

A medio prazo: curso 2022 / 2023

Obxectivo 5: Reservar unha zona para os autocoidados no patio cuberto

Obxectivo 6: Solicitar ao Concello a creación de máis prazas de aparcamento para persoas con discapacidade.

A longo prazo

A longo prazo: setembro 2023 en diante

Obxectivo 1: Introducir novos elementos naturais

Accións:

- Realización dun **circuíto natural** a varios niveis dentro do patio de infantil: empregar para isto troncos cortados, ramallos, vimbio...
- Colocación dun **estanque con peixes** na entrada principal do colexio
- Colocación de **cobertas vexetais** nos elementos que se vaian dispoñendo no patio: tobogáns cubertos, casiñas...

A longo prazo: setembro 2023 en diante

Obxectivo 2: Aumentar as zonas de relax

Accións:

- Creación dunha zona de relax con **puffs e alfombras** nunha esquina do pavillón.
- Montaxe dunha **“sala virtual”** para poder desfrutar un ocio tecnolóxico dirixido. Podería usarse a biblioteca como espazo de extensión do patio.

A longo prazo: setembro 2023 en diante


Obxectivo 3: Incorporar novos elementos funxibles para o patio como dinosauros e un bambán de unicornio

Obxectivo 4: Aumentar as pezas do rocódromo.

Obxectivo 5: Cubrir o patio Diego e facer alí un salón de actos/auditorio

Obxectivo 6: Conseguir un patio No-Gender

Plano resumo



Lenda:

Aumentar a presenza de elementos naturais

1. Casiña de paxaros
 2. Hotel de insectos
 3. Eliminación dos rododendros
 4. Estanque con peixes
 5. Zona de sotobosque autóctono
 6. Invernadoiro e xardín vertical
 7. Plantación de dúas sobreiras
 8. Circuito con elementos naturais
- Plantación de flores en tódalas zonas verdes
Instalación de cubertas vexetais nos elementos que se introduzan no patio (casiñas, tobogáns cubertos...)

Embelecer o espazo

1. Colocar un letreiro co nome do colexio
2. Mural de Leandro Lamas en prol da igualdade
3. Mural feito polo alumnado
4. Lousas para colorear

Aumentar as zonas de relax e tranquilidade

1. Punto de intercambio de libros
2. Zona de lectura
3. Tipi
4. Zona de xogos de mesa/recreativos e espazo de cine
5. Casiñas en varios puntos do patio
6. Caseta para o xogo simbólico
7. Casa na árbore
8. Hamacas entre as árbores
9. Cadeiras e mesas con xogos pintados
10. Espazo con puffs e alfombras para convidar á relaxación
Sala virtual que pode situarse na biblioteca

Diversificar as zonas de movemento

1. Zona de xogos tradicionais
2. Zona de cordas para trepar e facer equilibrio
3. Ponte colgante
4. Parque móbil de xoguete
5. Circuito pintado no chan
6. Movemento vertical: colchóns, escaleiras, barras para trepar, castelos...
7. Túnel vexetal
8. Aumento das pezas do rocódromo
9. Tobogáns e randeiras
10. Pista e rede de volley
11. Mesa de ping pong

Aumentar as zonas de experimentación

1. Estación meteorolóxica e cataventos
2. Murais sensoriais
3. Observatorio con prismáticos
4. Zona sensorial
5. Areeiro

Crear unha zona adicada ás artes

1. Cuberta do patio Diego para facer un auditorio
2. Zona de espellos, disfraces, maquillaxe...
3. Zona de música, teatro, baile...(*)

(*)Malia que estas propostas non tiñan unha ubicación definitiva, atópaselles un bo encaixe neste espazo

1. Zona para os autocoidados

1. Prazas de aparcamento para persoas con discapacidade

1. Parking de bicicletas e patinetes

Profesorado para xogar cas crianzas nos recreos (non situado directamente no plano)

Consecución dun patio No-GENDER